Resolución do 30 de xuño de 2026, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa EduExchanges de intercambio presencial de alumnado con centros educativos doutros países durante o curso 2026/27.

A comunidade internacional considera o multilingüismo como unha ferramenta moi poderosa para o multilateralismo e a cooperación internacional, tan necesaria ante os retos globais aos que nos enfrontamos. As novas xeracións necesitan oportunidades para acadar un coñecemento profundo sobre o modo de vida e o pensamento de persoas procedentes de culturas e tradicións distintas á propia, xa que isto promoverá a empatía, a valoración e a comprensión mutuas, proporcionando oportunidades para a cooperación. Isto dá mostra da necesidade de fornecer ao noso alumnado, por medio da aprendizaxe activa de linguas estranxeiras, dunha educación para a cidadanía global e dunha educación intercultural para a comprensión internacional.

En liña con eses propósitos, a estratexia para o fomento e o desenvolvemento de programas de plurilingüismo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en adiante, a Consellería, *EDUlingüe 2030,* de acordo coas súas *Liñas 2 e 8* integra *o programa Galemundo de internacionalización para o fomento dos intercambios e a formación educativa e lingüística no exterior, que* contempla a internacionalización do sistema educativo galego como un dos eixes principais, creando un novo marco de traballo a partir das relacións internacionais que impliquen a mobilidade de alumnado e profesorado e a observación de boas prácticas do persoal docente e apostando por unha educación intercultural, multilingüe e cosmopolita, sostible e acorde co mundo actual.

Edulingüe 2030, na súa liña de impacto 8, "Accións para a mellora da competencia comunicativa: mobilidades e intercambios" contempla a promoción dos intercambios entre alumnado de centros educativos galegos e outros centros educativos do estranxeiro, un proxecto que axudará a crear e consolidar proxectos de cooperación

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

educativa e asociacións entre eles. Así mesmo, a liña de impacto 2 , "Compartir para mellorar: Programas de boas prácticas" promove os programas de observación e intercambio de boas prácticas que contribúan á identificación de prácticas educativas eficientes e innovadoras no ensino de linguas.

Considerando que os intercambios escolares son un excelente recurso para a aprendizaxe activa de linguas estranxeiras, un xeito natural para favorecer a convivencia, axudando a desenvolver unha personalidade máis rica e respectuosa cara a outras realidades e culturas, e un motor de impulso para crear e consolidar proxectos de cooperación educativa e asociacións entre centros escolares galegos e doutros países.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral, **RESOLVE:**

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

A presente resolución ten por obxecto convocar e seleccionar os centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia beneficiarios do programa de intercambio presencial EduExchanges durante o curso 2026/27 con centros educativos estranxeiros, de acordo coas seguintes modalidades:

Modalidade 1 : Países da Unión Europea, Reino Unido e espazo Schengen.

Modalidade 2 : Outros países.

Segundo. Ámbito temporal

Poderán beneficiarse desta convocatoria os centros educativos públicos que desenvolvan programas de intercambio presencial durante o curso 2026/27.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

Terceiro. Perfil do alumnado participante

1. Poderá participar no programa de intercambio o alumnado galego que estea matriculado en 6º de EP, 1º, 2º, 3º e 4º de ESO ou 1º de Bacharelato durante o ano académico 2026/27.

2. A lingua vehicular do intercambio pode ser a Primeira ou a Segunda Lingua Estranxeira cursada polo alumnado.

Cuarto. Compromisos dos centros educativos

1. O centro educativo será o encargado de chegar a acordo firme cun centro estranxeiro co que levar a cabo este proxecto. O acordo debe ser previo á solicitude, momento no que se requirirán datos de identificación do centro estranxeiro.

2. O centro educativo será o encargado da selección do alumnado candidato ao intercambio. Cada centro escolar seleccionará un mínimo esixible de 10 alumnas/os. Levantarase acta do proceso de selección do alumnado cos seus datos que será asinada pola persoa directora e a persoa secretaria do centro educativo.

Coa finalidade de favorecer a participación no programa de intercambio, os centros que, non conten cun mínimo de 10 alumnos/as, poderán asociarse con outro centro para solicitar e desenvolver conxuntamente o programa. O número total de alumnado participante deberá ser igual ou superior a dez (10) e non exceder de vinte (20).

Para que a asociación sexa válida, ambos os centros deberán cumprir os requisitos establecidos neste punto cuarto e pertencer ao mesmo concello ou a concellos limítrofes.

Excepcionalmente, tendo en conta as características do centro educativo e de non ser posible a asociación con outro centro, a Dirección Xeral poderá autorizar un número de alumnado inferior a 10.

3. Entenderase como alumnado participante, a efectos de asignación da contía, aquel que viaxe ao país estranxeiro.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

4. O número máximo de alumnado participante sobre o que se calculará a contía asignada aos centros seleccionados é 20. En caso de contar cun número maior de alumnado participante no programa, posibilítase a redistribución da contía total asignada ao centro seleccionado entre un máximo de 30 participantes, sempre que se conte co acordo do Consello escolar, oído o Claustro.

En calquera caso, a contía concedida non se verá incrementada polo feito de superar os 20 participantes.

Esta circunstancia deberá reflectirse na memoria final.

5. Así mesmo, o centro educativo seleccionado solicitará ás familias respectivas a aceptación dos compromisos e dos gastos derivados do programa que este non alcance a cubrir, así como as autorizacións ou consentimentos pertinentes debidamente asinados polas familias ou pola representación legal do alumnado, de acordo cos protocolos de actuación desta Consellería. Esta documentación será custodiada nos centros aínda que poderá ser requirida pola Consellería.

6. Recollerase a participación, planificación e avaliación do programa na Programación Xeral Anual do curso 2026/27.

7. Os centros educativos seleccionados para participar no programa ocuparanse dos aspectos organizativos do intercambio do alumnado galego planificando as actividades educativas e extraescolares que consideren oportunas.

8. O intercambio será coordinado por unha persoa docente do centro que se responsabilizará do seu desenvolvemento e seguimento. Esta persoa acompañará ao alumnado nos desprazamentos e estadías no estranxeiro e será a interlocutora directa, coas familias e co alumnado participante. Identificarase como coordinadora na solicitude do programa.

No caso de centros que participen asociados, a coordinación corresponderá a ambos os centros. En consecuencia deberá participar profesorado de cada un deles no acompañamento do alumnado.

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

9. Durante o programa de intercambio, en particular durante a estadía no estranxeiro, o alumnado galego participante deberá estar acompañado pola persoa coordinadora e, de ser o caso, polo profesorado acompañante designado polo centro educativo para tal efecto: un docente acompañante para grupos de entre 10 e 20 participantes e dous docentes acompañantes para grupos de entre 21 e 30 participantes. Os grupos conformados por dous centros asociados viaxarán acompañados polas dúas persoas coordinadoras, unha de cada centro.

10. O profesorado realizará observación directa no centro educativo estranxeiro durante a súa estadía. A través da observación doutras metodoloxías e do seu impacto nos procesos de aprendizaxe do alumnado, potenciarase o traballo conxunto e fomentarase a reflexión sobre actuacións innovadoras, que redundarán no establecemento de proxectos comúns.

11. Os centros seleccionados encargaranse de que, durante a súa estadía no estranxeiro, o alumnado galego resida coa familia do seu homólogo estranxeiro e participe no programa de actividades educativas e extraescolares establecido co centro educativo estranxeiro.

12. Os centros poderán subscribir un seguro de viaxe, unha póliza de accidentes e/ou de responsabilidade civil para o alumnado durante a súa estadía no estranxeiro, que complemente a póliza de seguro de asistencia en viaxe titulares *Carné Xove* e *Carné Máis*. Deberase subscribir unha póliza de accidentes e de responsabilidade civil para o profesorado durante a súa estadía no estranxeiro.

13. Os centros seleccionados deberán concretar as medidas necesarias para a integración do alumnado estranxeiro na vida educativa do centro durante a súa estadía en Galicia e contribuirán a que sexa unha experiencia enriquecedora para toda a comunidade educativa.

Quinto. Compromisos das familias e do alumnado participante

1. O alumnado participante deberá cumprir cos requisitos estipulados no programa de

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

intercambio e, salvo causa de forza maior, debidamente xustificada ante a dirección do centro educativo, non o poderá abandonar unha vez comezado.

2. En virtude do réxime de reciprocidade, as familias do alumnado participante no intercambio comprométense a recibir no seu domicilio unha alumna ou alumno doutro país, de maneira que non suporá gasto ningún o aloxamento e manutención do alumnado nin a asistencia ao centro educativo no estranxeiro.

3. As familias asumirán o custo dos gastos do programa que a dotación do mesmo non acade a sufragar, no referente ás súas fillas e fillos, así como os gastos para usos persoais mentres se atopen no país de acollida.

4. A organización e o custo do transporte do alumnado dende o domicilio aos centros educativos correrá a cargo das familias de acollida nos dous países.

5. O alumnado menor de 18 anos español que vaia viaxar ao estranxeiro precisará, ademais do DNI ou Pasaporte en vigor, unha declaración asinada de permiso de viaxe fóra do territorio nacional.

No caso do alumnado estranxeiro residente en España, os seus representantes legais deberán acudir ás súas autoridades consulares para cumprimentar a documentación que proceda conforme á súa lexislación nacional.

No caso de non poder dispor da tarxeta sanitaria de cobertura europea (TSE), a súa familia deberá subscribir unha póliza de asistencia médica mentres estea no país de acollida.

7. As familias do alumado que, ben abandone voluntariamente o programa, ben resulte expulsado do mesmo por mostrar condutas graves de indisciplina, deberán asumir os gastos derivados do regreso anticipado a Galicia, sen prexuízo das accións legais que puidesen corresponder ás entidades ou persoas prexudicadas polos actos que motivasen a expulsión.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

Sexto. Dotación económica

1. O financiamento das achegas para o programa de intercambio presencial en concepto de compensación de gastos efectuarase con cargo á partida orzamentaria 07.03.423A.229 por un importe máximo de 350.000€.

2. Ofértanse un total de 45 prazas. Cada praza corresponderase cun centro seleccionado: 40 centros na Modalidade 1 e 5 centros na Modalidade 2.

Na Modalidade 1, cada centro seleccionado para o programa de intercambio recibirá a cantidade de 300 € por cada alumna/o participante e a cantidade de 1.000 € para o total do profesorado acompañante. En calquera caso, a cantidade máxima adxudicada a cada centro non superará os 7.000 €.

Na Modalidade 2, cada centro seleccionado para o programa de intercambio recibirá a cantidade de 600 € por cada alumna/o participante e a cantidade de 2.000 € para o total do profesorado acompañante. En calquera caso, a cantidade máxima adxudicada a cada centro non superará os 14.000 €.

En caso de centros que participen asociados, a contía asignada a cada centro calcularase en función do número de alumnado participante en cada un deles. A contía destinada aos gastos do profesorado distribuirase a partes iguais entre ambos os centros.

3. En caso de non cubrirse a totalidade das prazas ofertadas para algunha das modalidades, por proposta motivada da comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución da contía sobrante de calquera das modalidades, podendo verse así incrementado o número de prazas concedidas.

4. As actividades realizadas ao abeiro do programa EduExchanges que coincidan coas desenvolvidas noutros programas e que conten con financiamento non poderán ser obxecto de financiamento adicional.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

Sétimo. Solicitudes e prazo de presentación

1. Presentación de solicitudes

a) Os centros participantes deberán presentar unha solicitude, indicando a modalidade á que optan (Modalidade 1 ou Modalidade 2), a través da aplicación informática Programas Educativos (https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/). A persoa responsable da dirección do centro, será quen teña o permiso para creación e presentación da solicitude na aplicación informática mencionada. O documento que recolla a solicitude de cada centro xerado por esta aplicación non ten que remitirse por outra vía e será custodiado no centro como xustificante. A persoa directora poderá habilitar outra(s) persoa(s) para a edición da solicitude mediante Autoriza (https://www.edu.xunta.gal/autoriza/).

b) No caso de centros asociados, segundo o previsto no apartado 4.2 desta resolución, cada centro deberá presentar a súa solicitude, facendo constar o centro galego co que realizará o intercambio. Asignaráselle á asociación a puntuación do centro que acade a maior puntuación. Para os efectos de contabilizar solicitudes e prazas, considerarase unha única solicitude.

c) Antes da presentación da solicitude, a dirección do centro deberá informar ao Claustro de Profesorado e contar coa aprobación do Consello Escolar.

2. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes abrangue dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo (http://www.edu.xunta.gal/portal/) ata o 21 de setembro de 2026 (inclusive).

3. Outros aspectos procedimentais

a) A Dirección Xeral poderá requirir da persoa solicitante cantas aclaracións considere necesarios para completar o expediente, así como realizar as comprobacións oportunas dos datos achegados.

b) A participación dos centros no programa é compatible con outros programas que impliquen intercambios ou mobilidades sempre e cando o obxectivo dos intercambios

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

ou mobilidades non coincidan (lingua estranxeira obxecto de estudo, país de destino, niveis educativos implicados, etc.)

Oitavo.-Criterios de selección dos centros

Os centros serán clasificados e seleccionados conforme aos criterios e puntuación explicitados no baremo que figura como anexo I.

Noveno. Comisión de selección e procedemento de valoración das solicitudes

1. Constitúese unha comisión de selección, creada expresamente ao abeiro da presente resolución, á que lle corresponde o exame e avaliación das solicitudes presentadas.

2. A comisión terá a seguinte composición:

a. Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

b. Vogalías:

- A persoa titular da Xefatura do Servizo de Innovación e Programas Educativos ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da Xefatura do Servizo de Apoio Económico ou persoa en quen delegue.
- Dúas persoas asesoras técnicas da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, unha das cales actuará como secretaria.

3. A comisión de selección realizará unha clasificación e selección dos centros solicitantes conforme ao baremo que figura no anexo I.

4. En caso de producirse un empate, dirimirase atendendo aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación no criterio 8.7.

b) Maior puntuación no criterio 8.1.

c) Maior puntuación no criterio 8.2.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

d) Menor número de poboación segundo últimos datos publicados polo IGE.

Décimo. Resolución

1. Valoradas as solicitudes, a comisión de selección publicará no Portal Educativo (http://www.edu.xunta.gal) a proposta de resolución provisional dos centros seleccionados, non seleccionados -que serán considerados centros suplentes- e centros excluídos, con indicación dos motivos de exclusión. Indicaranse igualmente as achegas asignadas a cada un dos centros provisionalmente seleccionados.

2. Abrirase un prazo de 5 días hábiles, a partir do día seguinte ao da súa publicación, para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión. As reclamacións ou renuncias dirixiranse á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (http://sede.xunta.gal) a través do formulario correspondente ao procedemento de solicitude electrónica xenérica (código PR004A) [https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitude-xenerica], e deberanse identificar coa denominación "EduExchanges".

Para a presentación de solicitudes de renuncia ou reclamacións poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365).

3. Unha vez transcorrido o prazo sinalado, a comisión de selección analizará as alegacións e, de ser o caso, as renuncias presentadas, e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa quen ditará a resolución definitiva, que incluirá os centros seleccionados e, de ser o caso suplentes, así como as contías concedidas.

A resolución definitiva publicarase no portal educativo http://edu.xunta.gal/portal/.

4. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses, que se contarán a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes. Se transcorrese o citado prazo sen que se ditase resolución expresa, poderanse entender desestimadas as solicitudes por silencio administrativo.

Décimo primeiro. Pagamento e xustificación dos importes asignados

1. O pagamento das contías asignadas a cada centro realizarase mediante transferencia á conta corrente que os centros teñan autorizada para gastos de funcionamento, a través da habilitación do departamento territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional correspondente, nun único pagamento con cargo ao exercicio económico 2026:

a. Poderán imputarse os gastos realizados desde o 1 de setembro de 2026 ata o 30 de xuño de 2027.

b. O importe concedido a cada centro deberá destinarse a sufragar gastos de gastos de transporte, actividades, aloxamento do profesorado e seguro de viaxe e póliza de accidentes e de responsabilidade civil para o alumnado e o profesorado.

c. O gasto non realizado antes do remate do exercicio económico incorporarase como remanente ao orzamento do centro correspondente ao ano 2027, de conformidade co disposto no artigo 5.h) do Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

d. As facturas, así como os seus xustificantes de pagamento, quedarán baixo

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

custodia e responsabilidade da persoa que asuma as funcións da secretaría do centro a disposición da Consellería e dos órganos de control financeiro da Comunidade Autónoma para a realización das comprobacións oportunas no ámbito das súas respectivas competencias. A Consellería poderá solicitar información sobre os custos específicos derivados desta resolución, polo que estes gastos deberán estar perfectamente identificados na conta de xestión do orzamento do centro.

2. Os centros participantes deberán presentar ante a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ao longo de mes de xuño de 2027, unha memoria da actividade, a través do espazo Memorias no aplicativo ProgramasEducativos (https//edu.xunta.gal/programas_educativos/)), que incluirá tanto a participación do alumnado coma a do profesorado, unha análise de resultados e satisfacción, probas documentais en formato fotográfico e/ou audiovisual e o desagregamento dos gastos derivados da actividade, conforme ao anexo II, debidamente asinado, desta resolución.

Os centros asociados deberán elaborar unha memoria conxunta e presentala individualmente a través do aplicativo Programas Educativos, xustificando de maneira independente os gastos correspondentes a cada centro.

3. A falta ou insuficiente xustificación do gasto, poderá dar lugar á revogación ou modificación das achegas concedidas, coa conseguinte obriga de reintegro, sen prexuízo das demais responsabilidades que procedan.

Décimo segundo. Certificación de participación do profesorado

Unha vez rematado o intercambio e entregada a memoria prevista no apartado anterior, a persoa coordinadora do programa e, de ser o caso, a/o docente acompañante, recibirán un certificado de innovación educativa cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

En caso de que o número de alumnado participante supere os 20, poderá recibir o correspondente certificado a persoa coordinadora do programa e ata un máximo de 2 docentes acompañantes, previa xustificación documental.

Décimo terceiro. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a aceptación expresa das presentes bases.

Décimo cuarto. Datos de carácter persoal

1. Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable do tratamento pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión en interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

3. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento común, segundo se detalla en https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos. Contacto coa persoa delegada de protección de datos e información adicional en https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

Décimo* quinto. *Desenvolvemento e execución

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ditará, de ser o caso, os actos que sexan necesarios para o desenvolvemento e a execución desta resolución.

Décimo* sexto. *Eficacia

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Portal Educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Santiago de Compostela,

Judith Fernández Novoa
A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Asinado por: JUDITH FERNANDEZ NOVOA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 30/06/2026 11:41:00

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0iVhegX6N6N4 https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO I

MODELO DE BAREMO DE MÉRITOS
(Cubrir a través da aplicación).

MÁXIMO 10 PUNTOS

Méritos		Máximo puntos
8.1. Proxecto pedagóxico	a) O proxecto abrangue temáticas transversais que transcenden o eido sociocultural e lingüístico: ata 0,5 puntos.	3 puntos
	b) O destino adecúase ao interese didáctico en materia de linguas estranxeiras: ata 0,5 puntos.	
	c) Contémplase un plan de traballo previo ás mobilidades para a mellora das competencias en comunicación lingüística, plurilingüe, cidadá e en conciencia e expresión cultural: ata 0,5 puntos.	
	d) Contémplase un programa de actividades tanto en destino como na acollida, acorde á temática do proxecto: ata 0,5 puntos.	
	e) Contémplase un programa de actividades para a acollida e integración do alumnado do centro socio estranxeiro durante a estadía no centro galego: ata 0,5 puntos.	
	f) Contémplanse instrumentos de avaliación da mellora da competencia en comunicación lingüística e plurilingüe : ata 0,5 puntos.	

AUTOBAREMACIÓN

Méritos	Puntuación	Máximo puntos
8.2. Por contar con programas de plurilingüismo (Plurinfantil, Centros Plurilingües, Pluribach e Bachibach) durante o curso 2025/2026.	2 puntos	2 puntos
8.3. Contar con seccións bilingües durante o curso 2025/2026.	0,2 puntos por cada SB na lingua obxecto de estudo 0,1 puntos por cada SB noutras linguas estranxeiras	1 punto
8.4. Pola participación no programa CUALE durante o curso 2025/2026 0,10 puntos por cada modalidade	0,10 puntos por cada modalidade	1 punto
8.5. Participación en Intercambios Escolares EduFrance, EduExchanges, Picasso Mob ou EduMob durante o curso 2025/2026.	0,25 puntos por cada programa	1 punto
8.6. Por contar coa acreditación Erasmus ou participar en proxectos europeos no curso 2025/2026 .	1 punto	1 punto
8.7. Situación do Concello.	a. Concellos de ata de 1.000 habitantes: 1 punto. b. Concellos de entre 1.001 e 3.000 habitantes: 0,75 puntos. c. Concellos de entre 3.001 e 5.000 habitantes: 0,50 puntos. d. Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes: 0,25 puntos.	1 punto

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela

ANEXO II

Xustificación do gasto

Resolución do 30 de xuño de 2026, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa EduExchanges de intercambio presencial de alumnado con centros educativos doutros países durante o curso 2026/2027.	***XUSTIFICACIÓN DO GASTO***

Nome do centro		**Código do centro**
Enderezo		**Localidade**
Código Postal	**Provincia**	**Teléfono**

A. INGRESOS E DESTINO DO ORZAMENTO

Cantidade total asignada	
Contía global destinada a sufragar gastos de transporte, actividades, aloxamento do profesorado e seguro de viaxe e póliza de accidentes e de responsabilidade civil para o alumnado e o profesorado.	

B. GASTOS

Relación de facturas		
Nº da factura	**Concepto**	**Importe**
TOTAL DE GASTO		

Don/Dona ....., en calidade de secretaria/o do centro enriba indicado,

CERTIFICA: Que as facturas que se detallan corresponden a gastos realizados coa asignación recibida por este centro, por ter participado no programa ***EduExchanges 26/27.***

En _____ a _____ de _____ de 202___